

Índice

Índice	1
Información da dirección	2
Convocatorias	3
Apoio a novas propostas	4
Chamamento á participación	4
Fitos do CITMAga	6
Outras novas de interese	9
CITMAga en Medios	12

Segue conectado coas actividades do CITMAga a través da nosa web e redes sociais:



Información da dirección

Prezadas compañeiras e compañeiros,

Queremos primeiramente agradecer o interese amosado na xornada dos [M4 CoLab-Days](#) e nos proxectos presentados, que sen dúbida propiciarán oportunidades de colaboración no centro.

Esta semana temos tamén cambios importantes no noso colectivo, posto que rematan a súa andaina en CITMAga as persoas contratadas ao abeiro do programa INVESTIGO o ano pasado. A todas e todos eles, o noso máis sincero agradecemento polo traballo realizado! Uns marchan e outros veñen... e incorporaremos aos novos INVESTIGO o venres 28 (5 investigadoras/es e 1 tecnóloga/o). Procederemos como na convocatoria anterior, presentando a oferta de proxectos do centro para que poidan decantarse polo que lles resulte máis atractivo.

Finalmente, informar que neste mesmo boletín inauguramos unha nova sección, “Fitos do CITMAga”, a cal ten como fin recoller os resultados destacados dos proxectos que levamos a cabo dende o CITMAga. Se queredes participar, pregamos que remitades a información a citmaga@citmaga.gal, nun texto de 800 caracteres (aproximadamente) no que se poden incluír imaxes. Tamén publicaremos esta información de xeito ampliado na nosa páxina web “[Fitos do CITMAga](#)”.

Un saúdo,

*Rosa M. Crujeiras, Directora Científica
Javier Roca, Director Adxunto de Transferencia*

Convocatorias



SE TES INTERESE EN CONCORRER A ESTAS OU OUTRAS CONVOCATORIAS, CONTACTA COA UNIDADE DE INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE MATEMÁTICA Á INDUSTRIA (ITMATI) DE

CITMAga:

✉ itmati@citmaga.gal / sebastian.bouzas@citmaga.gal


→ Planificación das convocatorias 2023 da Agencia Estatal de Investigación (AEI).

Documento que contén as convocatorias do 2022 que aínda non se resolveron, as convocatorias que se publicarán no 2023, e as resolucións das concesións para o 2023; actualizado a marzo do 2023.

 Información Convocatorias ([preme aquí](#))


→ Planificación das convocatorias para o ano 2023 da Axencia Galega de Innovación.

Publicada a planificación para o ano 2023 das axudas da Axencia Galega de Innovación.

 Mapa de apoios 2023: ([preme aquí](#))

→ Planificación das convocatorias para o ano 2023 do ERC.

A convocatoria ERC ADVANCED GRANTS está aberta.

 Prazo ERC: 08/12/2022 - 23/05/2023

 Información Convocatoria: ([preme aquí](#))

Apoio a novas propostas



DENDE O CITMAGA QUEREMOS DAR O APOIO NECESARIO NAS MEMORIAS DE PROXECTOS PARA ESTA OU OUTRAS CONVOCATORIAS. PARA ISO PÓDESE CONTACTAR DIRECTAMENTE CON:

✉ sebastian.bouzas@citmaga.gal / adriana.castro@citmaga.gal

→ Liñas de apoio: Axudas predoutorais da Xunta de Galicia.

Podemos apoiar a presentación de candidaturas ás axudas predoutorais da Xunta de Galicia, en especial axudando a propoñer o seu posible encaixe coa RIS3. Por iso, animámosvos a que, no caso de que algún dos proxectos que se presenten para as predoutorais sexa titorizado por persoal investigador vinculado ao CITMAGA, se solicite apoio ao centro para este punto, dirixíndose a citmaga@citmaga.gal.

CONVOCATORIA	APERTURA	ANO	ESTADO
"Axudas predoutorais da Xunta de Galicia"	Abril - maio	2023	Non publicada

Chamamento á participación



→ Prácticas en CITMAGA 2023: Máster en Matemática Industrial (M2i)

Prezado persoal investigador vinculado ao CITMAGA;

Como investigadores/as que coordinades ou dirixides algún proxecto en CITMAGA, poñémonos en contacto convosco para informarvos que no marco do Máster Industrial (M2i), co que o CITMAGA ten asinado un convenio de colaboración, pódense realizar propostas de Prácticas e de realización do TFM.

Se estades interesados en propoñer algunha práctica ou TFM no marco dalgún proxecto de CITMAGA para o Máster de Matemática Industrial (M2i), contactade connosco enviando un mail a citmaga@citmaga.gal co asunto “Máster en Matemática Industrial: Prácticas en CITMAGA 2023”, a data límite para remitir as solicitudes é o 3 de maio ás 17:00 h.

Remitímosvos as información que nos enviou a coordinación académica deste máster:

“Como todos los años por estas fechas nos ponemos en contacto con ustedes para preguntarles si, desde su empresa, estarían interesados en ofertar prácticas a nuestros estudiantes del Máster en Matemática Industrial.

Queríamos comentarles que para nuestros estudiantes la posibilidad de realizar su Proyecto Fin de Máster (PFM) en el marco de unas prácticas en una empresa es muy atractiva y es habitual que nuestros mejores estudiantes elijan esta vía para el desarrollo de su PFM. Por esta razón, les animaríamos a considerar la posibilidad de participar en esta convocatoria de prácticas y poder así captar a los estudiantes más capaces de nuestro programa.

Por todo lo anterior tenemos programado lanzar una convocatoria de prácticas (reuniendo las plazas ofertadas por las empresas colaboradoras con el Máster) en el mes de mayo, con la idea de que los estudiantes se incorporen a dichas prácticas al terminar las actividades docentes de este curso académico (a partir de junio). En cualquier caso, si desde su empresa lo ven conveniente, también sería posible que las prácticas comenzasen más tarde.

Estas prácticas podrían o no llevar aparejada la realización del proyecto fin de máster (PFM) en su empresa. En caso de que no estén seguros de querer ofrecer la posibilidad de que el alumno desarrolle su PFM en un tema propuesto por su empresa, podrían limitar en este momento la oferta a las prácticas y decidir más adelante si el estudiante desarrollaría además su TFM con su empresa. Cuando se oferte un PFM asociado a las prácticas, desde el Máster invitaríamos a la empresa a hacer una presentación de su propuesta de PFM en una sesión de una actividad del Máster denominada Taller de Problemas Industriales, que se desarrolla durante los meses de septiembre y octubre (12 de septiembre - 31 de octubre de 2023)

De cara al proceso de selección, si nos indican un perfil de estudiante desde el Máster podemos hacer una preselección de los estudiantes que se ajustan a dicho perfil y están interesados en su oferta. Les haríamos entonces llegar los CV de estos estudiantes para que los evalúen y, en su caso, entrevisten. Una vez que hagan la entrevista pueden decidir si aceptar o no al estudiante para desarrollar las prácticas propuestas.

La duración de las prácticas queda a su elección. Aunque muchos estudiantes estarán interesados en unas prácticas que se extiendan hasta la entrega de su PFM (si el alumno comienza sus prácticas en verano, se esperaría que el estudiante presente su PFM en febrero de 2024), la empresa puede fijar el periodo que le parezca adecuado.

Muchas gracias por su tiempo y una vez más agradecemos su colaboración con el M2i.

Fitos do CITMAga

→ Lalín Destino StarLight


O pasado día 1 de abril nun acto celebrado no Museo Municipal de Lalín, foille entregado ao alcalde José Crespo Iglesias por parte da directora do CITMAga, Rosa María Crujeiras Casais (que representaba á directora da Fundación Starlight (FS), Antonia M^a Varela Pérez, en directo por videoconferencia), a certificación do concello de Lalín como novo Destino Starlight en Galicia.

A FS, vinculada ao Instituto Astrofísico de Canarias e creada en 2007 logo de terse aprobada por parte da UNESCO a Declaración de La Palma ([preme aquí](#)) para a conservación do ceo escuro e o dereito a observar as estrelas como patrimonio cultural da humanidade, ten entre outras a misións certificar aquelas zonas do planeta que teñan un ceo nocturno escuro, polo tanto sen contaminación luminosa ou mínima, de tal xeito que podan ser ofertadas como destinos turísticos nos que se contemple o ceo nocturno en todo o seu esplendor. Para elo, os concellos solicitantes deben de cumprir unha serie de estritas condicións de calidade tanto dos seus ceos como de infraestrutura turística.

Hai que lembrar que a investigación astronómica en Galicia comezou na vila de Lalín grazas ao traballo exemplar e de excelencia do matemático e astrónomo Ramón María Aller Ulloa ([preme aquí](#)) dende os inicios do pasado século. O padre Aller pasou á universidade como profesor en 1939. Pouco despois fora construído o Observatorio universitario en 1943-44 nos terreos da entón chamada Residencia.



Observatorio de Lalín en 1924



Refractor Steinheil instalado no Observatorio de Lalín en 1925

O emblemático Observatorio de Lalín, que ficou baleiro dende o paso a Compostela do refractor Steinheil en 1944, recuperouse en 2011 logo dun convenio entre o Concello e a USC a través do Observatorio Astronómico Ramón María Aller (OARMA), e así púidose dar continuidade en mellores

condicións ás distintas actividades astronómicas que, promovidas dende o OARMA, xa víñanse realizando en Lalín dende 1991 ([preme aquí](#)).

Co obxecto de darlle continuidade a estas actuacións, destacando Lalín como berce da Astronomía en Galicia e ao mesmo tempo poñer en valor os ceos escuros existentes sobre todo na parte leste do seu termo municipal, pensouse que o mellor sería optar á certificación de Destino Turístico Starlight pasando as probas necesarias para elo, tal como consta no protocolo da FS.

Ditas probas, posteriormente examinadas rigorosamente cadansúa por un auditor eran as seguintes:

1. Astronómica.

Son catro os requisitos a avaliar do ceo da zona proposta. En primeiro lugar a nebulosidade, que ten que ten unha media da porcentaxe anual de aproximadamente un 50%. Logo están a transparencia do ceo, a iluminación cenital, e a nitidez ou calidade da imaxe. Todo elo require unha observación continuada realizada por especialistas cos medios necesarios para elo.

2. Actividades astronómicas habituais, recursos culturais e naturais do concello e capacidade para recibir turismo científico.

Aparte de todo isto, era imprescindible que o Pleno Municipal aprobara a súa adhesión á Declaración de La Palma.

Co fin de levar cabo non só todas as observacións astronómicas pertinentes senón tamén a selección de lugares, os trámites administrativos e, en definitiva, todos os pasos conducentes á obtención do obxectivo perseguido, o concello contactou co Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), asinando un contrato en maio de 2022. O equipo de traballo ficou constituído polo profesor José Ángel Docobo, catedrático emérito de Astronomía, e investigador do CITMAga, como responsable científico, Pedro Pablo Campo Díaz, doutor en Matemáticas (Astronomía) e investigador do OARMA, e máis o graduado en Matemáticas e alumno de mestrado, Xabier Pérez Couto.

De entre varios puntos óptimos, elixiuse como punto de observación o Alto do Costado ou de Rodelas na parroquia lalinense de Maceira. Trátase dun vértice xeodésico situado a 743m de altitude dende o que se domina unha panorámica de 360°, sendo de día un magnífico miradoiro dende o que se ven os principais cumios da comarca do Deza e a súa contorna: O Farelo, a serra do Faro, o Candán, o Carrio, e incluso o Pico Sacro cara a Compostela. Por outra banda, de noite é un lugar privilexiado dende onde se pode contemplar o ceo en todo o seu esplendor incluíndo unha perfecta visión da Vía Láctea. Loxicamente hai moitos máis lugares en toda aquela zona dende os que se pode observar o ceo en perfectas condicións. O equipo de traballo tamén seleccionou o outeiro de Albarelos e o monumento natural da Fraga de Catasós.

Durante un ano enteiro realizáronse todas as observacións astronómicas necesarias, dando todas elas resultados positivos ([preme aquí](#)).

Así deste xeito se foron superando todos os chanzos, chegando a febreiro desde ano cando o día 14 enviamos á FS a denominada Application Pack, na cal en 22 apartados deuse conta non só dos resultados dos distintos tipos de observacións levadas a cabo coa instrumentación e algoritmos correspondentes, senón tamén unha clara e pormenorizada resposta a todas as cuestións relativas as actividades astronómicas organizadas en Lalín, sobre todo a aquelas desenvolvidas no recuperado Observatorio dende 2011, anexo á Casa Museo Municipal, así como as infraestruturas hoteleiras e unha ampla descrición dos recursos culturais e naturais da capital do Deza.

O Pleno Municipal se adheriu á Declaración de La Palma o día 24, e de seguido, os días 27 de febreiro e 8 de marzo se pasaron as dúas auditorías. Paralelamente a administración do CITMAga fixo os distintos pagos estipulados.

Deste xeito, a finais de marzo se nos comunicou que todo o traballo feito tivo o premio polo cal se loito arreo durante os doce últimos meses.

A vila de Lalín, lugar onde Ramón María Aller iniciou a investigación astronómica en Galicia, e os seus visitantes poden xa desfrutar oficialmente non ó dun glorioso pasado astronómico, senón tamén dun magnífico ceo estrelado, sobre todo na súa parte leste, certificado como Destino Turístico Starlight.

José Ángel Docobo Durántez

Pedro Pablo Campo Díaz

Xabier Pérez Couto

(Artigo completo: [Fitos do CITMAga](#))

Outras novas de interese

♥ Colaboracións.

Posta en marcha do M4 CoLab-Days, o proxecto colaborativo nado no CITMAGA



Asistentes e promotores presenciais na xornada de presentación de propostas do M4 CoLab-Days celebrada o venres 21 de marzo na Sala de Xuntas da Facultade Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

O pasado venres 21 de marzo do 2023 celebrouse, na Facultade de Matemáticas da USC, en formato híbrido (presencia e en liña) a xornada de presentación das propostas e equipos promotores da iniciativa [M4 CoLab-Days](#). Durante este evento, un total de sete equipos diferentes presentaron as súas propostas e investigacións e responderon a tódalas dúbidas expostas polos asistentes presenciais e/ou virtuais.

Unha vez rematadas as presentacións, todas as persoas interesadas en formar parte dalgunha das propostas comentadas, tiñan á súa disposición un formulario mediante o cal se realizaba a solicitude formal de colaboración. Unha vez rematados os prazos dados dende o Centro para a busca de colaboracións, os resultados deste proxecto é de 8 colaboracións acadadas para un total de 5 propostas apoiadas.

Por último, a pesares de que o M4 CoLab-Days é un proxecto piloto para o CITMAGA, o certo é que tanto a participación no mesmo, como a asistencia acadada; con arredor de 40 persoas (presencial e en liña), denotan un gran interese no mesmo por parte da comunidade do CITMAGA. Agardamos que este tipo de proxectos se asentem no Centro e sexan habituais no programa do mesmo.

Formación.

Curso do Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento

Facémosvos chegar esta información recibida dende o programa Ignicia, Transferencia de Coñecemento sobre o curso “Transferencia do coñecemento e interacción co Sistema de I+D”, que se celebrará de maio a xullo do 2023. Este curso conta cun total de 30 prazas, as cales se cubrirán por orde de inscrición. Por se fose do voso interese, facilitámosvos o programa ([preme aquí](#)) do curso e a ficha de inscrición ([preme aquí](#)), inscrición aberta ata o 3 de maio ás 13:00

TRANSFERENCIA DE
COÑECEMENTO
E INTERACCIÓN CO
SISTEMA DE I+D+I

Curso de carácter gratuito, dirixido a persoal investigador posdoutoral, a persoal investigador contratado con cargo a proxectos de universidades e organismos públicos de investigación, así como a persoas investigadoras e tecnólogas dos centros tecnolóxicos. O obxectivo é a aproximación aos actores do Sistema Galego de Innovación, a introdución nas bases da transferencia de coñecemento e a comercialización de resultados da I+D, ademais de contribuír ao desenvolvemento das seguintes capacidades: comprensión do valor da innovación e da investigación traslacional académica, as habilidades para presentar a investigación e conectar coa industria, e as estratexias para mellorar a produtividade da innovación nun entorno académico.

🏆 Premios.

Premios Fundación BBVA “Fronteras del Conocimiento”



Aberta a Convocatoria da XVI Edición Premios “[Fronteras del Conocimiento](#)” da Fundación BBVA.

Estes premios da Fundación BBVA recoñecen e fomentan a investigación e a creación cultural de excelencia, especialmente as achegas de singular impacto pola súa orixinalidade e transcendencia. As disciplinas e dominios dos Premios Fronteiras do Coñecemento son os seguintes:

- Ciencias Básicas (Física, Química, Matemáticas)
- Bioloxía e Biomedicina
- Tecnoloxía da información e da comunicación
- Ecoloxía e Bioloxía da Conservación
- Cambio climático
- Economía, Finanzas e Xestión de Empresas
- Humanidades e Ciencias Sociais
- Música e ópera

Dotación: A suma dos Premios “Fronteras del Conocimiento” da Fundación BBVA é de 400.000 euros, un diploma e un símbolo artístico, en cada unha das oito categorías.

Candidatos: Unha ou varias persoas e/ou organizacións que realizaron contribucións independentes ou converxentes a un determinado avance nos ámbitos do coñecemento científico ou da creación cultural.

CITMAga en Medios

["Inversores que gestionan 6.000 millones analizan proyectos gallegos innovadores en Santiago"](#)
Nova publicada o 22 de marzo do 2023 no xornal La Voz de Galicia.

["Rosa Crujeiras: «Son unha matemática vocacional que quere saber o por que das cousas»"](#)
Nova publicada o 17 de abril do 2023 no xornal La Voz de Galicia.

["Juan José Nieto nuevo editor asociado de Heliyon, Cell Press"](#)
Nova publicada o 20 de abril do 2023 na revista científica Heliyon, Cell Press.



CENTRO DE INVESTIGACIÓN
E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA
DE GALICIA

CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN
E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA

www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

citmaga@citmaga.gal
Telf.: +34 881 813 357

